

FORMALIZACIÓN CONTRATO DE SERVICIOS

En Vedra, 1 de marzo de 2018

Dunha parte D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO, con DNI núm. 33.284.493C na súa calidade de ALCALDE-PRESIDENTE , actuando en nome e representación do Concello de Vedra.

Doutra parte D. FERMÍN GONZÁLEZ BLANCO, con DNI núm. 52.617.561-R , actuando en nome e representación de FERMIN GONZÁLEZ BLANCO, S.L.U , con NIF. B-70213806 e domicilio social en C/Santiago nº 4, planta 1 dta- 15001 A Coruña.; inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña no Tomo 3357, folio 212, nº rexistral C45577.

A finalidade deste contraro é a de proceder á formalización do contrato de servizos de XESTIÓN URBANÍSTICA, ASISTENCIA TÉCNICA NO DESENVOLVEMENTO DO PARQUE EMPRESARIAL E OUTROS, por procedemento negociado sen publicidade con carácter plurianual e tramitación ordinaria

Dita adxudicación foi aprobada por Resolución da Alcaldía número 81/18, do 16 de febreiro

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por Resolución da Alcaldía num. 115/17 aprobouse o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato de servizos de XESTÓN URBANÍSTICA, ASISTENCIA TÉCNICA NO DESENVOLVEMENTO DO PARQUE EMPRESARIAL E OUTROS.

SEGUNDO.- Con data 05 de febreiro de 2018, á vista das valoracións obtidas polos licitadores , por Resolución da Alcaldía num. 53/18, acordouse clasificar as propostas e requerir ao mellor clasificado, Fermín González Blanco, SLU, para que presentase no prazo de 10 días a documentación preceptiva para a adxudicación do contrato, e dado que a presentou en prazo por Resolución da Alcaldía 81/18, de data 16 de febreiro, adxudicouselle o mesmo.

E convindo a ambas partes, o presente contrato de servizos, formalízano neste documento administrativo, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- FERMÍN GONZÁLEZ BLANCO, S.L.U comprométese a levar a cabo á realización dos traballos consistentes na *Asistencia urbanística, asistencia técnica no desenvolvemento do Parque Empresarial e outros*, con arranxo ao prego de cláusulas administrativas particulares e ao prego de prescricións técnicas, que figuran no expediente, documentos contractuais que acepta incondicionalmente e sen reserva alguna e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade nel

SEGUNDA.- O prezo do contrato é de CORENTA E OITO MIL NOVECENTOS EUROS (#48.900,00) máis DEZ MIL DOUSCENTOS SESENTA E NOVE EUROS (#10.269,00#), e que serán aboados polo concello previa presentación e aprobación de factura mensual .

TERCEIRA.- O prazo de duración do contrato será de 2 anos dende a sinatura do presente contrato

CUARTA.- O adxudicatario presta a súa conformidade a este contrato, asinándose neste acto e sométese, para cando non se atope nel establecido aos preceptos do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, e o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado



O ALCALDE,

Asdo: Carlos Martínez Carrillo

POLA EMPRESA

Asdo Fermín González Blanco